

Boiro, a 6 de novembro de 2018

Estimados/as pais e nais,

o xoves 29 de novembro celebraranse as eleccións ao Consello Escolar, no cal os pais e nais tedes dereito a tres representantes. Dado que neste momento non tedes ningún, procederase á elección de tres, dos/as cales os/as dous/dúas máis votados/as terán un mandato de 4 anos, e o/a menos votado/a un de dous. Dado que non hai asociación de pais e nais no centro, o/a candidato/a máis votado/a, ocupará o lugar que correspondería ao representante ao que tería dereito esta.

Como xa vos comentei na reunión de inicio de curso, é moito importante que os pais e nais teñades representates neste organismo, para que deste modo a vosa opinión e parecer poida ser oída e tido en conta á hora de tomar decisións que afectan a toda a comunidade educativa. É por iso que vos convido a que participedes nesta elección presentando a vosa candidatura. Xunto con esta carta achégase un resumo do calendario do proceso de eleccións e as normas legais que rexen este proceso.

Atentamente,

Lorenzo Fraga Montero

(Director do IES Espíneira)

Calendario eleccións de representantes de pais e nais ao consello escolar:

- Venres 9 a venres 16 de novembro: presentación de candidaturas (secretaría do centro).
- Venres 16 de novembro: exposición do censo electoral (taboleiro do centro e páxina web).
- Luns 19 de novembro: proclamación dos candidatos/as pola Xunta Electoral (taboleiro do centro e páxina web).
- Luns 19 de novembro a mércores 21 de novembro: prazo para presentar alegacións á proclamación de candidatos pola Xunta Electoral.
- Xoves 29 de novembro: eleccións de representantes de pais e nais.
 - Mesa electoral:
 - 08:30 a 10:30
 - 13:30 a 14:30
- Luns 3 de decembro: proclamación dos candidatos/as electos/as.
- Luns 10 de decembro: constitución do novo consello escolar.

Normas legais que rexen o proceso:

- ***Decreto 92/1988, do 28 de abril, polo que se regulan os órganos do goberno dos centros públicos de ensino non universitario. (DOG, 29/04/88).***
- ***Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria.***
- ***Resolución do 25 de setembro de 2018, conxunta da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos e da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos.***